

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15032807	IES do Milladoiro	Ames	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	2º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	7
4.2. Materiais e recursos didácticos	8
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	8
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	9
6. Medidas de atención á diversidade	9
7.1. Concreción dos elementos transversais	10
7.2. Actividades complementarias	10
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	11
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	11
9. Outros apartados	12

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 2º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno.

Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no IES do Milladoiro (Ames). O IES do Milladoiro é un centro creado no curso 2013/2014. O nivel sociocultural das familias do noso alumnado é extremadamente variado. A porcentaxe de alumnado procedente do estranxeiro é do 10%, aproximadamente, e a súa procedencia moi dispar. Aínda que non ofrece dificultades de integración, nos últimos cursos apréciase a chegada de alumnado que non coñece ningunha das dúas linguas oficiais. Xeograficamente é un centro peri-urbano-rural, situado no Concello de Ames, e moi perto de Santiago de Compostela. É o seu décimo curso dende a inauguración e conta cunha oferta educativa de ESO e BACH.

Cabe destacar a multiculturalidade do noso alumnado, tendo este ano matriculado alumnado, a maiores de España, de Colombia, Ecuador, República Dominicana, Venezuela, Chile, Perú, Uruguai, Arxentina, E.U.A, Panamá, Suíza, Angola, China, entre outras. O noso centro caracterízase por recibir, xa iniciado o curso escolar, alumnado de diversos países, chegando nalgúns casos a incorporarse incluso durante a 3ª avaliación (Plan de Acollida).

Tamén cabe sinalar que hai un gran número de alumnado con NEE e NEAE que require atención individualizada. Así pois, a atención á diversidade é outro dos puntos fortes para mellorar a convivencia positiva no centro.

Este proxecto competencial ten como obxectivo traballar transversalmente no coñecemento do medio a través de diversas metodoloxías. Ao coincidir en horario tres docentes para este mesmo proxecto competencial acordamos coordinarnos para xerar tres liñas de aprendizaxe arredor do ciclo anual do ano. Dúas das persoas docentes son do departamento de música e a outra compañeira do departamento de economía.

Unha das liñas é a improvisación oral en verso. Seguindo os valores do proxecto socio-educativo Regueifesta, presentamos o seguinte decálogo para impulsar enerxía transformadora entre a xente nova. Desde o sistema educativo tentamos construír unha nova era na improvisación oral en verso na Galiza, nos ámbitos da educación formal da xente nova, regueifar, improvisar, facer improviso para fomentar os seguintes valores:

1. O repente é festa, humor, retranca, xogo. Na regueifa aprendemos emocionalmente e desenvolvemos afectos.
2. Improvisamos o noso idioma, mellorándoo día a día, con cualidade de lingua: lingua enxebre, moderna e internacional.
3. Desenvolvemos as melodías da alma: coñecemos a música tradicional e criamos as nosas propias músicas.
4. Facemos teatro! Interpretamos, actuamos, movémonos diante dun público, expresámonos co noso corpo, tamén sen palabras! Aprendemos a ser outra xente, desenvolvendo personaxes!
5. Promovemos a xustiza social improvisando. Non gostamos de racismo, colonialismo, sexismo nin calquera outra forma de supremacismo. Queremos unha regueifa de rapazas e rapazes, nenas e nenos, mulleres e homes que superen o machismo. Improvisamos sen violencia sexista na linguaxe.
6. A regueifa, o repente galego, promove o traballo cooperativo, a festa compartida e a intelixencia colectiva. Regueifar é aprender a improvisar a participación social autoxestionada. E cada regueifeira e regueifeiro é único e irrepitíbel e, contra o uniformismo, precisamos persoas orixinais e creativas. O improviso desenvolve valores de respecto, irmandade e xenerosidade.
7. A Regueifa é patrimonio do pobo galego e da Humanidade. O repentismo únenos a outros pobos que improvisan en lingua portuguesa e vínculanos con moitos pobos e linguas do planeta, desde o Curdistán a Cuba, de Euskal Herría aos Países Cataláns Vivan os pobos do mundo!
8. Regueifa é vangarda e experimentación. Coñecemos e actualizamos a tradición, modernizámonos de improviso, innovamos como forma de desenvolvemento persoal e colectivo. Evoluímos!
9. A Regueifa comprométese a apoiar un dos colectivos máis discriminados da nosa sociedade: a xuventude. Contra o costume, é urxente dar paso ás novas xeracións.
10. A Regueifa é movemento social e activismo tamén nas redes de educación formal e informal da xente nova, e na propia sociedade: lugar de encontro de xente moi diferente. Porque na diversidade hai vitalidade onde descubramos, construír e compartir día a día.

O alumnado está dividido en tres grupos, que será acompañado no proceso de ensino-aprendizaxe polo seguinte

profesorado: Gemma Oseira Maradona (Economía), Xoana Paredes Durán (Música) e Manuel Maseda Deán (Música). Unha razón a maiores para xustificar o carácter multidisciplinar do proxecto.

O alumnado deberá traballar de xeito individual e cooperativo no deseño e realización das actividades, así como na resolución dos problemas que vaian xurdindo no proceso. O fío conductor do traballo do alumnado será o ciclo do ano, que se tratará de xeito multidisciplinar. De cada estación do ano o alumnado terá que investigar e traballar en grupo ou de xeito individual sobre a natureza, as festas, a alimentación e gastronomía, os deportes, a cesta da compra e as manifestación artísticas relacionadas con cada estación. Prestaremos especial atención aos aspectos económicos destacables de cada ocasión así como a medidas de consumo responsable, economía circular, economía local e comercio ecolóxico.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Coñecémonos. Como funcionamos en grupo? Que é o que queremos facer? Por onde empezar? (O OUTONO)	Nesta unidade, a través de dinámicas de presentación e coñecemento, e de traballo en equipo, iremos traballando competencias persoais, cívicas e sociais. Presentarase ao alumnado o proxecto a realizar, que inclúe traballo individual e en equipo, presencial e a través da aula virtual. Partindo das estacións do ano, o alumnado traballará de xeito multidisciplinar sobre a natureza, as	25	11	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Coñecémonos. Como funcionamos en grupo? Que é o que queremos facer? Por onde empezar? (O OUTONO)	celebracións, os alimentos e sobre as manifestacións artísticas e deportivas propias desa época do ano. Comezamos nesta primeira unidade didáctica polo OUTONO e a súa diversidade.	25	11	X		
2	Poñémonos en marcha. (O INVERNO)	O alumnado elixe o apartado do tema que quere traballar de xeito individual, e na aula farán a parte relativa ao traballo en pequeno grupo, e a posterior presentación ao gran grupo. Neste caso a temática xira arredor do INVERNO.	35	13		X	
3	Difusión dos resultados. (A PRIMAVERA)	A difusión dos pequenos traballos será trimestral, é dicir, en cada trimestre deberán presentar unha pequena parte do proxecto. Aínda que en principio a presentación de traballos será a nivel de aula, algunhas actividades poderanse expor en lugares comúns ou difundirse a través da páxina web do centro. Este último trimestre traballaremos a PRIMAVERA.	40	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Coñecémonos. Como funcionamos en grupo? Que é o que queremos facer? Por onde empezar? (O OUTONO)	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Identificar as necesidades en relación coa búsqueda de información sobre a estación do outono dentro do ciclo anual.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización dos proxectos (magosto, recollida de cogumelos, a vendima, o samaín, o nadal, o cambio climático...)		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto. Consensuar a construción do coñecemento conxunto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto e presentar o traballo de investigación conxunto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	Poñémonos en marcha. (O INVERNO)	13

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas. O eixe central deste trimestre vai a ser o entroido.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados. Investigar sobre as diversas manifestacións do entroido na Galiza e na península Ibérica.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios. Contar tamén cos recursos externos ao centro, como por exemplo a axuda das familias para elaborar receitas.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas e seguir avanzando na dinámica do traballo por proxectos asumindo os roles acordados.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Difusión dos resultados. (A PRIMAVERA)	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o proxecto deste trimestre arredor do mes das flores (os maios) e darlle unha proxección máis holística conxuntamente co resto dos proxectos do ano.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade. En todos os trimestres a improvisación oral cobra unha especial relevancia á hora de transmitir información.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas. Na escenificación dos maios a Kinesia cobra unha especial relevancia		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición. O traballo en grupo segue a ser a aposta máis importante deste tipo de traballos por proxectos.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto. Comezamos no primeiro trimestre coa radio e rematamos co audiovisual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Empregarase unha metodoloxía activa, na que partindo dos coñecementos previos, o alumnado terá que construír a súa aprendizaxe, elixindo o tema a traballar, buscando información e expoñéndoa ante os seus compañeiros e compañeiras do xeito máis adecuado e creativo posible. Traballarase de xeito individual e grupal, cada alumna ou alumno adoptará un rol concreto asumindo tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Ao longo do curso levarase a cabo o proxecto: Estacións do ano (profundizando nelas).

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento. A finalidade é fomentar o interese pola lectura, a cultura e a arte e desenvolver a confianza, autoestima, autonomía e traballo en equipo. O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na 1ª avaliación: trataremos o outono, afondando nos produtos típicos desta estación, nas festividades máis salientables que se celebran, no clima que o caracteriza, analizaremos como variaron os prezos dos produtos máis representativos desta estación así como a repercusión do cambio de clima no mundo laboral e na economía en xeral. Faremos fincapé en estratexias de marketing salientables no período estudado e como podemos contribuír a frear o consumismo ao que nos impulsan e a ter prácticas máis responsables.

Na 2ª avaliación faremos o mesmo en canto á estación de inverno e na 3ª avaliación centrarémonos na primavera (cunha pequena alusión ao verán).

Terán liberdade no emprego de materiais e modelos, dándolle a máxima difusión. O proxecto poderá ser difundido nunha breve presentación polo centro.

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes materias:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...).
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos, as estación na literatura e na cultura popular).
- Xeografía e Historia (espazos e lugares da contorna, historias e lendas...).
- Educación en Valores Cívicos e Éticos (comportamento social, respecto á cultura propia, sustentabilidade).
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato da parte mural do traballo, as estacións vistas polos artistas gráficos)
- Música e Danza (as estacións na arte musical).
- Bioloxía (a natureza e os alimentos nas estacións do ano)
- Economía (a cesta da compra, a economía circular e sostenible)

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenadores, internet
Artigos e produtos reutilizables.
Pegamentos, cartulinas, rotuladores
Aula de informática, aulas de música, aula do alumnado, espazo da radio, biblioteca
Aula Virtual e programas informáticos: Canva, Impress

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

Parte das sesións serán levadas a cabo na aula de informática onde os grupos buscarán a información correspondente e comezarán a redactar as súas propostas.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizaranse unha serie de dinámicas de grupo baseadas nas competencias clave que serán avaliadas mediante a observación por parte do profesor. O seu obxectivo será facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	25	35	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Criterios de cualificación

- Actitude e interese pola materia, que se valorará polo esforzo do alumnado: 2 puntos
- Realización e calidade do traballo individual entregado a través da aula virtual: 2 puntos
- Realización e calidade do traballo grupal: 2 puntos
- Realización e calidade da exposición do traballo grupal: 2 puntos
- Realización e calidade do traballo individual na aula: 2 puntos

A nota de cada trimestre será a suma dos puntos anteriores. É obrigatorio a realización de todos os traballos encomendados polo profesorado.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais...

Nota final

A nota final será a nota media da cualificación dos tres trimestres. Redondearase seguindo o seguinte criterio:

- Desde a sexta décima redondearase cara arriba
- Desde a quinta décima redondearase cara abaixo

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumno o alumna non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, deberá facelas e entregalas no trimestre seguinte. O alumnado ten a obriga de entregar todos os traballos precisos para a realización do proxecto.

De igual xeito, no caso de que unha alumna/o teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Ao alumnado que durante este curso académico esté en terceiro ou cuarto da ESO con esta materia pendente, se lle exixirá o mesmo grao mínimo de consecución que ao alumnado que cursa a materia por primeira vez.

Este alumnado, deberá facer e entregar un proxecto de temática libre. De este modo:

Na primeira avaliación entregará un dossier coa planificación e escolla da temática do proxecto.

Na segunda avaliación amosará as distintas fases de execución do proxecto.

Na terceira avaliación presentará o proxecto final.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos como a realización de tarefas encomendadas, presentación, orde, produto finais, claridade expositiva...

A nota da avaliación ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

6. Medidas de atención á diversidade

Para o alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo, as actividades serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X		
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X		X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X		X
ET.4 - Competencia Dixital	X		X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial		X	
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico		X	
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade		X	

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Obradoiros relacionados con algún obxectivo ou contido do currículo	Por concretar		X	
Saídas para traballar obxectivos e contidos relacionados co currículo	Por concretar			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado. Adecuación á temporalización das unidades didácticas.
Utilización de distintos instrumentos de avaliación.
Metodoloxía empregada
Participación activa de todo o alumnado. .Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Adecuación dos espazos e recursos a cada actividade
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades. Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.
Clima de traballo na aula
Cooperación, calidade do traballo grupal
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

9. Outros apartados

1. Xeralidades

Escollemos o Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA) xa que parte da diversidade dende o inicio da planificación didáctica e trata de que todo o alumnado teña oportunidades de aprender. Por esta razón recoñécese o potencial deste modelo teórico-práctico para contribuir á consecución do Obxectivo de Desenvolvemento Sostible (ODS4) da Axenda 2030: “Garantir unha educación inclusiva e de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe para todos”.

Escollemos o tema do “Ciclo Anual” como leit-motiv do proxecto polo achegamento ás primeiras etapas educativas nas que se traballa de xeito natural pero profundizando en aspectos que lles poden interesar ao alumnado de secundaria, relacionados coa conciencia climática, o consumo responsable, a sustentabilidade ou a economía circular entre outros.